Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fiadora da Pena do Golpe

Onde chaman Pena do Golpe, preto da Pena Abaladoira do Pereiro, en Alfoz (Lugo), aparécese un ser con figura de muller. Unha vez, era de noite, xuntáronse dúas mulleres naquela pena, seica quedaran alí cos mozos para iren á festa ao Cadramón, e viron unha luz. Achegáronse a aquela luz e viron unha muller fiando; tiña roca, fuso e tesoiras de ouro. A muller aquela preguntoulles ás dúas mozas que era o que máis lles gustaba, e como elas dixeron que as tesoiras, déullelas. Pero polo camiño, por mor de ver quen quedaba coas tesoiras, as dúas mozas comezaron a reñer, e tanto rifaron que as tesoiras desapareceron e quedaron as dúas sen elas.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

GONZÁLEZ PAN, C. ANDRÉS e BEIRO PIÑEIRO, X. CARLOS, «A Pena Abaladoira: un exemplo de litolatría na lucense Serra do Xistral», Estudios Mindonienses, 20, 2004, pp. 923-952.